



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E O CONCELLO DE REDONDELA PARA O FINANCIAMENTO DA “REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE REDONDELA”

1.- Competencia

Esta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, creada polo Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, en virtude do establecido na súa Disposición transitoria primeira e no apartado e -en materia de urbanismo-) do artigo 13.1 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuído o exercicio das competencias en materia de apoio técnico e económico e a colaboración coas entidades locais para a formulación e tramitación do planeamento urbanístico e a súa xestión e execución.

2.- Antecedentes.

Actualmente atópanse vixentes en Redondela unhas Normas subsidiarias de planeamento aprobadas definitivamente o 06/11/1987

En data 18 de setembro de 2001, asinouse un convenio entre a extinta Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e o Concello de Redondela, para o financiamento e seguimento da redacción do Plan xeral de ordenación municipal.

O 23 de abril de 2007, o documento de PXOM foi remitido á Dirección Xeral de Urbanismo da CPTOPV en solicitude de informe previo á aprobación inicial. Dado que non consta a emisión dese informe, tampouco chegou a producirse a aprobación inicial.

En todo caso, a cláusula sétima do convenio subscrito pola CPTOPV e o Concello de Redondela para o cofinanciamento do PXOM, establecía que a vixencia do convenio estendíase ata o remate das actuacións coa aprobación definitiva do Plan Xeral, non podendo exceder do 30 de novembro de 2004.

O Pleno do Concello aprobou o 09/01/2015 adxudicación dun contrato de servizos para a redacción do Plan xeral de ordenación municipal de Redondela polo prezo, IVE incluído de 475.893,00 euros.





O Concello de Redondela solicitou o 20/11/2017 á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a concesión dunha subvención polo 80% do prezo de adjudicación do dito contrato.

As Normas subsidiarias de planeamento de Redondela, aprobadas definitivamente o 06/11/1987 non se adaptan á Lei 2/2016 do Solo de Galicia, nin sequera ás anteriores leis urbanísticas Lei 9/2002 e Lei 1/1997, polo que é evidente o estado de obsolescencia do planeamento xeral municipal.

Neste senso, os concellos veciños teñen o seu planeamento xeral adaptado á Lei 9/2002 (Mos, Moaña, Soutomaior), mediante contratos que foron subvencionados ao abeiro dunha orde de subvención desta consellería, ou en tramitación para ser adaptado á vixente Lei 2/2016 (Vigo, Vilaboa, Pazos de Borbén), mediante contratos subvencionados por un convenio con esta dirección xeral ou ao abeiro dunha orde de subvención desta consellería.

3.- Finalidade

A actuación obxecto do acordo constitúe unha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e para estes efectos tense previsto formalizar co Concello de Redondela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2023.

4.- Obxecto

O obxecto do convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Redondela, para a “**redacción do Plan Xeral de ordenación Municipal**”.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

Constitúen as razóns de oportunidade, as manifestacións do concello en canto considera necesaria e prioritaria a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal co obxecto de que o concello de Redondela dispoña dun documento urbanístico adaptado á lexislación vixente en materia de solo e ordenación do territorio.


Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Ordenación do
Territorio e Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela



4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei, para resolver as dúbidas e lagoas que poidan presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura, María Encarnación Rivas Díaz,
Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

